

FACÉMONOS CONSTELACIÓN?

Esta noite non me importaría
compartir almofada coa Osa Maior.

Es un claro "liberdade"
na boca de quen te probe.

Esquécete de Bécquer,
de principios e finais.

Hoxe "déixate deborar por quen te escolla"
séntete Pereiro,
sé a miña Poesía...
...Última de Amor e Enfermidade.

Parte da fría soidade da túa alma,
prende o agarimo cego da lareira
que gardo en min,
para ti.

Quero ser xigante.
Orión, ¡tenta imitarme!
Agocharme quero esta noite
tras as coxegas
da túa existencia.

Só esta noite,
deixame converterte
nunha constelación
inmortal.

CALADIÑA ESTÁS MÁIS SUMISA

A túa lingua aceda
cambia o parecer
se o silencio a volve
tépeda,

Frega cun pincel
os enganos.
Rompe a barreira
dos incrédulos.
Mutila a paz
dos gobernos.

Canto de xilgalo,
faina libre.

Sara Parga Pérez